Xuízas e Xuíces
para a Democracia

ACTA DA REUNIÓN SECCIÓN TERRITORIAL DE GALICIA
13 DE MAYO DE 2024
Hora de inicio: 17:00 horas
Hora de finalización: 18.00 horas

ACTA

ASISTENTES:
Luis Villares, Raquel Casas, Isabel Olmos, Luna Taboada, Carlos Villarino, Miguel Herreno, Teruca Conde-Pumpido, Javier Menéndez, Miguel Herrero, Magdalena Fernández Soto.

EXCUSAN SU ASISTENCIA:
Marcos Díaz Peteiro, Julio Casales y Sandra Piñeiro

ORDEN DEL DÍA:
1. Propostas da Sección Territorial de Galicia ó Congreso de Vigo a celebrar os días 13 a 15 de xuño 2024.

2. Eleccións á Sala de Goberno. Discusión e votación sobre a candidatura conxunta de Xuíces e xuizas pola Democracia xunto a Franscisco de Vitoria e Foro Judicial independiente (además de algún no asociado)

1.-Propostas da Sección Territorial de Galicia ó Congreso.

Trátanse diversos temas, como o das Comisións de Servizos, no sentido de reiterar a Proposta feita no Congreso de Bilbao, pero non se acepta, tendo en conta que dependerá sempre do CXPX e da Xurisprudencia do TS. como se desprende da recente sentenza do TS, Sala Terceira en relación a unha comisión de comisión dun membro desta ST.

Non hai máis propostas.

2. Eleccions á Sala de Goberno de Galicia.

En relación á invitación de FV para presentarnos nunha candidatura conxunta, incluíndo o Foro Xudicial Independente e Non Asociados, é dicir, todos facendo fronte á APM, infórmouse na reunión de que o coordinador en Galicia de FV propuxo á esta ST de Galicia a dita posibilidade. Tivemos dúas xuntanzas a este reunións con FV (a segunda tamén con FJI).

FJI está a favor do Plan de ir xuntos ás Eleccións.
Isabel Olmos informa de que a candidatura conxunta de FV, FJI e Xuíces e Xuizas pola Democracia podería quedar sen efecto no caso de que por parte do Gobierno nacional modificásese a LOPJ e rebaixásense as maiorías para nomear os vogais xudiciais do CGPJ, xa que así o puxo de manifesto o coordinador de FV, Enrique Llovet, na segunda xuntanza que tivo lugar co gallo deste asunto.

Esta amenaza valorouse na reunión da ST así coma o risco que suporía para esta ST que, chegado o momento, FV puidese romper co pacto de ir xuntos nas Eleccións.

Pero, tamén opinouse que si FV rompe un pacto coma ese, debe explicalo. O simplismo que supón identificarnos con PSOE e os cambios lexislativos do Goberno para modificar as maiorías do CGPJ en relación a unas Eleccións á Sala de Goberno debe ser explicada por quén o afirma.
A maoiria dos presentes sinalaron que non debemos preocuparnos polo momento por esa amenaza, xa que pode ser una boa idea no contexto da Sala de Goberno de Galicia a idea de ir todos xuntos e, además pode ocurrir que antes do verán o CGPJ estea xa nomeado.

Acordouse, pois, explorar esa vía.

A Coordinadora da ST, Isabel Olmos, queda comisionada para seguir o proceso e, de momento, empezar a elaboración conxunta dun programa común que será trasladado no seu caso para a súa aprobación na ST.
A coordinadora

Isabel Olmos Parés